

ANEXO Á PROGRAMACIÓN DE MATEMÁTICAS PARA A SUA ADAPTACIÓN Á NOVA NORMATIVA DE AVALIACIÓN NA ESO E NO BACHARELATO.

A ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, implica unha modificación da programación do departamento de Matemáticas nos termos seguintes:

AVALIACIÓN

ESO

ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN, AMPLIACIÓN E TUTORÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL

Para o alumnado que obteña unha nota igual ou superior a 5 na media aritmética das tres avaliacións, o departamento de matemáticas proporcionará actividades de reforzo e ampliación. Estas actividades afondarán nos contidos vistos no curso dun xeito máis práctico impulsado a investigación grupal colaborativa e o autoaprendizaxe.

Para o alumnado que non alcance a nota de 5 na media aritmética das tres avaliacións o departamento proporcionará actividades que reforcen os contidos nos que presenten maiores dificultades. Tamén poderán realizarse probas de recuperación.

CALCULO DA CALIFICACIÓN FINAL

Despois do 6 de xuño o alumnado obterá unha nota da materia que será a media aritmética das tres avaliacións.

A realización correcta das actividades anteriores poderá supor un aumento de ata 0,75 puntos na nota anterior, para o cálculo da calificación final da materia.

De non ser suficiente o incremento anterior para acadar unha calificación igual ou superior a cinco, o alumnado poderá presentarse a unha proba global de recuperación. Neste caso, a calificación final da materia será a mellor entre a media aritmética das tres avaliacións e a nota acadada nesta proba.

BACHARELATO

ACTIVIDADES DE PREPARACIÓN PROBAS EXTRAORDINARIAS E A ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN, AMPLIACIÓN E TUTORÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E REMATE DO PERÍODO LECTIVO EN 1º BAC

Para o alumnado que obteña unha nota igual ou superior a 5 na media aritmética das tres avaliacións, o departamento de matemáticas proporcionará actividades de ampliación. Estas actividades afondarán nos contidos vistos no curso dun xeito máis práctico impulsado a investigación grupal colaborativa e o autoaprendizaxe.

Para o alumnado que non alcance a nota de 5 na media aritmética das tres avaliacións, o

departamento proporcionará actividades de recuperación que reforen os contidos nos que presenten maiores dificultades. O alumnado realizará unha proba extraordinaria de recuperación.

AS ACTIVIDADES DE PREPARACIÓN PROBAS EXTRAORDINARIAS E E AVALIACIÓN DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E REMATE DO PERÍODO LECTIVO EN 2º BAC

O departamento de matemáticas proporcionará actividades para preparar as probas de acceso a universidade ou a proba extraordinaria de recuperación.

CALCULO DA CALIFICACIÓN FINAL

A calificación da materia na avaliación ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións. O alumnado que non aprobe na avaliación ordinaria, realizará unha proba extraordinaria de recuperación. A calificación da materia na avaliación extraordinaria será a nota obtida nesa proba.